



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

### **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 13 DE AGOSTO DE 2015.-**

---

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as oito horas e trinta minutos do día trece de agosto de dous mil quince, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo **Sr. Alcalde D. Antonio Lomba Baz**, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- **D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Montserrat Magallanes Álvarez**
- **D. Miguel A. Español Otero**
- **D. Paulino Rodríguez Gonzalez**
- **D<sup>a</sup>. Teresa Vicente Baz**

**Non asiste o concelleiro D. Manuel Javier Crespo González.**

**Asiste como Secretario Acctal. o funcionario do Concello D. José Carlos Martínez Crespo.**

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

#### **PUNTO 1.- APROBACIÓN ACTAS SESIÓN ANTERIORES**

---

O Sr. Presidente preguntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer á acta correspondente á sesión celebrada o pasado día 30 de xullo de 2015 ó que responden negativamente os concelleiros presentes na mesma, polo que a referidas acta foi aprobada.

#### **PUNTO 2.- APROBACIÓN CUOTAS DO MERCADO DE ABASTOS**

---

Dáse conta da relación dos postos fixos do mercado municipal de A Guarda e das taxas correspondentes ó mes de XULLO de 2015 que ascenden á cantidade de 1.331,78 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar dita relación coas taxas correspondentes e dar traslado á Tesourería para o seu cobro.

#### **PUNTO 3.- INSTANCIAS**

---

Lese o escrito RE 5.421 de data 13 de agosto de 2015, presentado por D. DAMIAN ALONSO ALONSO, en representación de ASOCIACIÓN VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA O CANCELÓN, solicitando a colaboración do Concello para realizar a Festa do Percebe os días 28, 29 e 30 de agosto de 2015 mediante:

- préstamo de 20 vallas



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

- préstamo de colectores
- prestamo de 2 vertedoiros
- camión con persoal municipal para transportar mesas e sillas.
- Un palco de 8x6 metros.
- Baleirar os colectores o sábado e o domingo

A Xunta de Gobreno Local acorda acceder ó solicitado.

Dase conta do escrito RE 5.0273 de data 11 de agosto de 2015, presentado por ACIGU, comunicando o malestar dos comerciantes respecto do servizo de limpeza durante as festas do Monte.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se procedeu a limpeza da rúa tan pronto como se deron as circunstancias propicias xa que, a primeira hora, algunhas rúas estaban ateigadas de xente.

Dase conta do escrito RE 5.175 de data 6 de agosto de 2015, presentado polo GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, solicitando que se tomen medidas para evitar a acampada no Centro Cultural durante as Festas do Monte.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se tomarán as medidas necesarias para elo.

Lese o escrito RE 4.945 de data 28 de xullo de 2015, presentado por D. FRANCISCO JAVIER PORTO PARENTE, con enderezo na rua Monte Medo, nº 7-4ºD de Ourense, solicitando a colocación dalgunha sinalización da rúa A Lagartosa.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicalle que se colocará en breve.

Lese o escrito RE 5.210 de data 7 de agosto de 2015, presentado por DNA. PATRICIA VICENTE VILLA, con enderezo na rúa Laxes, nº 9 da Guarda, solicitando a eliminación da barreira arquitectónica na rampa de acceso lateral da praia da Area Grande e lembrando a que a rampa central non é accesible por ter unha pendente excesiva.

A Xunta de Goberno acorda comunicarlle que se está a traballar neste asunto e que o grupo de goberno non coincide coa súa valoración e se está a espera da visita dun técnico da xefatura provincial.

Lese o escrito RE 5.389 de data 12 de agosto de 2015, presentado por ASOCIACIÓN DE VECIÑOS E PROPIETARIOS O PERCAMINO, solicitando autorización para o peche da rúa Pozas o día 5 de setembro para levar a cabo o VII TORNEO DE CACHIZA.

A Xunta de Goberno Local acorda autorizar o solicitado.



**CONCELLO  
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

Lese o escrito RE 5.207 de data 7 de agosto de 2015, presentado por DNA. M<sup>a</sup> DEL CARMEN BARROS VIDEIRA, actuando en representación da SOCIEDADE CULTURAL DAS FESTAS DE SAN ROQUE, e con enderezo na rúa 1<sup>a</sup> Transv. Longra, nº 7 da Guarda, solicitando a colocación do palco municipal no recinto da festa para o día 15 de agosto.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 5.209 de data 7 de agosto de 2015, presentado por DNA. M<sup>a</sup> DEL CARMEN BARROS VIDEIRA, en representación de SOCIEDADE CULTURAL DAS FESTAS DE SAN ROQUE, con enderezo na rúa 1<sup>a</sup> Transv. Longra, nº 7 da Guarda, solicitando a colaboración do Concello para a celebración das festas de San Roque nos seguintes termos: limpeza do recinto das festas

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

*Sendo as nove horas e vinte minutos o sr. Presidente levanta a sesión da que eu como secretario dou fe.*